



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00033

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADJUDICA O ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA CO MÓDULO DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00033

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

Antecedentes

1º.- Mediante Resolución da Presidencia número 15147 de data 17 de abril de 2024 aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas para contratar o ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA CO MÓDULO DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA, código expediente PCO.001.2024.00033, e dispúxose que o referido contrato se adjudicase mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), suxeito a regulación harmonizada

O expediente foi tramitado de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e levouse a cabo a negociación prevista no artigo 170.2 LCSP, posibilitando acadar unha oferta máis vantaxosa que a inicial, á vista do informe técnico emitido pola Vice-Tesoureira Provincial.

2º) A empresa GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. está inscrita no *Registro oficial de licitadores y empresas clasificadas del sector público* (ROLECSP) no que consta a documentación que se indica na cláusula 14.1., letras A a F, do prego de cláusulas administrativas particulares e presentou a documentación que se indica na cláusula 14.1., letras G a J.

3º) A empresa GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. constituíu a garantía definitiva por importe de 5.151,67 € (equivalente ao cinco por cento do importe de adjudicación do primeiro contrato baseado no acordo marco que se adjudica simultaneamente con este -5% sobre 103.033,33 €-)

RESOLVO:

1º) **Adjudicar a GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A., con NIF A81957367** e domicilio na Avenida Deportista Miriam Blasco, 1 Bis; 03016 Alicante, mediante procedemento negociado sen publicidade por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º LCSP, o **ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA CO MÓDULO DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA**, código expediente PCO.001.2024.00033, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: negociado sen publicidade

- 1.2. Obxecto: O obxecto do contrato é ampliar o uso do Sistema de Información Tributario, SIT-gtt, coa xestión do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU). A este novo proxecto só poderán incorporarse os concellos que se integraron no de "Implantación dunha solución informática para a xestión das Taxas e Prezos Públicos dos Entes Locais da provincia da Coruña" con código de expediente PCO.001.2019.00090.

O alcance e características das prestacións descríbense no prego de prescricións técnicas, e que se desenvolverá en fases:

- Na **Fase 1** realizaranse os seguintes servizos:

- Posta a disposición do uso da licenza
- Implantación, posta en marcha e formación en cada concello

- Na **Fase 2** realizaranse os seguintes servizos:

- Soporte e mantemento

- 1.3. Vixencia do acordo marco: Dende a sinatura do acordo marco até o 29 de decembro de 2025, data en que finalizará a posible prórroga da Fase 2 do contrato PCO.001.2019.00090

- 1.4. Prazos de execución:

- A **Fase 1** terá un prazo de execución de seis meses dende o día seguinte á comunicación da adxudicación do contrato baseado no acordo marco
- A **Fase 2** comezará o día seguinte á data da acta de recepción da Fase 1 e finalizará o 29 de decembro de 2025

- 1.5. Orzamento: A adxudicación do acordo marco non representa obrigas económicas para a Deputación.

- 1.6. Prezos que se aplicarán ao acordo marco:

- a) Prezo para a implantación no primeiro concello:

IIVTNU sobre SIT-gtt -Conceptos	Importe da fase implantación (€)	Importe desde o arranque para cada período anual (€)
Adquisición do uso da licenza	50.000,00	
Implantación, posta en marcha e formación	23.000,00	
Mantemento anual da licenza		12.500,00
Soporte anual ao usuario		8.700,00
Importe sen IVE	73.000,00	21.200,00
IVE	15.330,00	4.452,00
TOTAL	88.330,00	25.652,00

- b) Prezo para novas incorporacións:

IIVTNU sobre SIT-gtt -Conceptos	Importe da fase implantación (€)	Importe desde o arranque para cada período anual (€)
Adquisición do uso da licenza	10.000,00	
Implantación, posta en marcha e formación	23.500,00	
Mantemento anual da licenza		2.500,00
Soporte anual ao usuario		8.700,00

Importe sen IVE	33.500,00	11.200,00
IVE	7.035,00	2.352,00
TOTAL	40.535,00	13.552,00

1.7. Valor estimado: 255.166,68 euros

2º) **Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato** o día que ao efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

3º) **Adxudicar o contrato baseado no acordo marco** previsto no anexo 7 do prego de cláusulas administrativas particulares, nas condicións que se indican de seguido, condicionado á formalización do acordo marco:

3.1. Obxecto: Ampliación do módulo do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana do **Concello de Arteixo**, tendo en conta que o Concello de Arteixo cumpre con todas as condicións para acceder ao proxecto.

3.2. Prezo (implantación no primeiro concello):

IIVTNU sobre SIT-gtt -Conceptos	Importe da fase implantación (€)	Importe desde o arranque para cada período anual (€)
Adquisición do uso da licenza	50.000,00	
Implantación, posta en marcha e formación	23.000,00	
Mantemento anual da licenza		12.500,00
Soporte anual ao usuario		8.700,00
Importe sen IVE	73.000,00	21.200,00
IVE	15.330,00	4.452,00
TOTAL	88.330,00	25.652,00

3.3. Prazos de execución:

- A **Fase 1** terá un prazo de execución de seis meses dende o día seguinte á comunicación da adxudicación do contrato baseado no acordo marco.
- A **Fase 2** comezará o día seguinte á data da acta de recepción da Fase 1 e finalizará o 29 de decembro de 2025

3.4. Financiamento. O financiamento do contrato baseado poderá efectuarse con cargo á partida 0730/49122/22799, do seguinte modo, sen prexuízo do axuste de anualidades que procede en función das datas efectivas de execución do contrato baseado:

Concepto	Anualidade	Número de operación	Orzamento	Prezo	Economía
Ampliación IIVTNU e implantación	2024	A 220240015477	88.935,00	88.330,00	605,00
Mantemento e soporte anual	2024 (5 meses)	A 220240015478	10.688,33	10.688,33	0,00
	2025 (12 meses)	AP 220249000212	25.652,00	25.652,00	0,00
Total			125.275,33	124.670,33	605,00

- 3.5. Formalización: O contrato baseado non require formalización pero os seus efectos quedan condicionados á formalización do acordo marco de acordo co apartado 2º desta Resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.